

MÚSICA 5º E 6º EP

Para seguir repasando o visto na clase, propóñovos aprender este ritmo con mans, ten a súa complicación asique colledeco con calma, pero finalmente soa moi ben!!

https://www.youtube.com/watch?v=a_pl4ugrBC0

Déixovos este video, no que se van executando diferentes grupos de figuras musicais (negras, corcheas, brancas). A idea é que acompañedes os golpes ben co voso corpo, como se mostra no video en algunhas partes, ou ben coas baquetas que construíchedes. Tamén hai a posibilidade de que vaiades alternando corpo e baquetas como aparece no video. Axustade a dificultade ás vosas posibilidades. Aparecen algúns grupos de figuras que non vimos na clase, podeades saltalos ou atrevervos con eles se queredes.

<https://www.youtube.com/watch?v=2CAW2qtsvAY>

Para practicar a lectura rítmica, podeades empregar as baquetas que construíchedes e escoller algún dos ritmos que aparecen no video para tocar por encima, é sinxelo de comprender xa que iremos vendo cómo se van marcando os golpes que temos que dar ó longo do video. Non é preciso facelo enteiro, botádelle un ollo e escollede as partes que axusten a súa dificultade ás vosas posibilidades.

<https://www.youtube.com/watch?v=qkqqMbXMwJ8>

Para repasar un pouquiño a localización das notas musicais no pentagrama propóñovos o xogo "Cazando Notas" <https://aprendomusica.com/const2/03atrapanotas/game.html>

Para xogar dámoslle primeiro a "Comenzar" tendo seleccionado o modo visual, e na seguinte pantalla escollemos o nivel de dificultade (en base ó número de notas, recoméndase empezar no máis baixo e ir subindo a dificultade en función do éxito acadado). Na seguinte pantalla, antes de darlle a "Comenzar" temos que colocar a barraña de axuste da velocidade á esquerda de todo, que é o modo máis lento do xogo, logo podemos ir subíndoa. Se queredes repasar a localización das notas no pentagrama antes de comezar a xogar podeades facelo na seguinte ligazón:

<https://www.musicaeduca.es/recursos-aula/juegos/125-notas-dedoado>

En relación ás familias de instrumentos, propóñovos un traballo individualizado: escollede un instrumento que vos chame a atención ou que sintades curiosidade por el e traballámolo a través do correo electrónico musicaencias@gmail.com, enviade o nome do instrumento escollido e creamos un fío para falar de el, explicar o seu funcionamento, o tipo de música na que se emprega, instrumentistas de renome relacionados con el, composicións nas que destaca,... etc.

Respecto ó apartado dos comentarios de audicións, deixovos aquí unha proposta de ficha para cubrir sobre a canción que escollades. Farémolo igual que na clase:

- Título:
- Ano ou época:
- Autor/a:
- Descrición:
 1. Que tipo de instrumentos interveñen? Electrónicos ou acústicos?
 2. Cal é o instrumento que máis aparece ó longo da composición?
 3. Cantas partes diferentes distingue na composición?
 4. Que che suxire esta música? (ledicia, tristeza, agresividade, tranquilidade,...etc)

Un saudiño!!

Alfonso.